

## ARTE DO S.XIX. O IMPRESIONISMO

### OBRA: ALMORZO CAMPESTRE

AUTOR: **Edouard MANET**

CRONOLOXÍA: 1863

ESTILO: Pre-Impresionismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 208 cm x 264 cm

LOCALIZACIÓN: Museo de Orsay (París)



### CONTEXTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

O século XIX é o século das **revolucións liberais**, herdeiras da Revolución francesa. Os seus empuxes decisivos nos anos 1820, 1830 e 1848 irán abrindo paso paulatinamente á participación popular no ámbito político, e á transformación das Monarquías absolutistas en Monarquías parlamentarias. É tamén o século da **Revolución industrial e os avances tecnolóxicos, e tamén do movemento obreiro**, consecuencia directa do auxe dunha burguesía que se enriquece ao mesmo ritmo que se implanta o **sistema económico capitalista**. Os seus abusos e a súa explotación desmedida dunha clase traballadora sen dereitos nin papel político, abocará irremediabilmente ao xurdimento de ideoloxías socializantes e novos procesos revolucionarios, cuxo principal valedor será a figura de Karl Marx, principio e raíz do movemento obreiro. O XIX é ademais o século dos **nacionalismos**, cos seus fenómenos máis significados das unificacións italiana e alemana en 1871, pero tamén de situacións secesionistas nos grandes imperios europeos, como o Imperio Austro-húngaro, ou o Imperio Turco, que iniciou xa a súa decadencia. É o século do predominio do Imperio Británico baixo tutela da súa raíña Vitoria e é asimesmo o dun protagonismo crecente de novas potencias como a Alemaña de Bismarck ou os Estados Unidos de América. É tamén o século do **Colonialismo**, e o conseguinte reparto de África e de boa parte de Asia entre as grandes potencias europeas; é o século das rivalidades entre esas mesmas grandes potencias por motivos coloniais ou por outros: Inglaterra, Francia, o Imperio Austro-húngaro, Rusia, o Imperio turco ou Alemaña. Rivalidades que xa entón teñen o ruído de fondo común do conflito dos Balcanes, orixe da I Guerra Mundial.

Pero o século XIX é tamén o da **belle époque**, o dos primeiros grandes inventos, o das teorías de Darwin, o do fenómeno urbano, o dos avances da medicina, o século do ferrocarril, da psicoanálise, en fin, o do triunfo da ciencia. E é ademais o século da Cidade da Luz, porque o liderado cultural e artístico só ten entón unha capital: **París**. París en efecto é a capital da arte e boa proba diso é que lidera a maioría das novas tendencias que se van sucedendo no panorama artístico. Estilos e movementos que se suceden cunha variedade e rapidez como non ocorrera en ningunha outra época da historia. Especialmente no caso da pintura, este fenómeno relaciónase co maior grado de liberdade que experimenta o artista, que desenvolve o seu traballo en condicións moi distintas do que fora habitual ata entón. Nace entón a figura do artista que antepón a súa liberdade creadora a calquera imposición do mecenazgo, acuñándose así a figura do artista bohemio, que dará lugar a movementos rebeldes e contestatarios como o **Romanticismo, o Realismo** ou o propio **Impresionismo**. Todos eles impregnados dunha liberdade, contaxiada por unha sociedade con anhelos revolucionarios. Aínda que non todos os artistas seguiron esta liña. Paralelamente á figura do artista independente, seguiu existindo a do autor vinculado a unhas normas estritas establecidas polas Academias, que rixidamente trataban de impoñer un mesmo criterio artístico sobre os creadores. Prodúcese así un curioso fenómeno no que se entremezclan artistas academicistas, vinculados á tradición,

con outros totalmente innovadores, o que resulta unha máis das moitas contradicións que definen este século.

No último terzo do S.XIX, un grupo de pintores novos realizan unha pintura allea aos salóns oficiais inspirada no contacto directo coa natureza, e realizan exposicións que mostraban unha maneira nova de entender a arte. Pasan a Historia da Arte como un dos movementos máis inovadores: o **Impresionismo**, que se desenvolverá principalmente en París. Tiveron lugar durante este período uns avances técnicos dentro da sociedade industrial que influiron nas artes. A **fotografía** que pronto comeza a empregarse con finalidade artística, polo que moitas funcións que antes estaban adxudicadas a pintores de oficio, como os retratos, as vistas das cidades ou do campo, as reportaxes... pasan ao campo da fotografía e a obra pictórica convértese en excepcional e para un público moi restrinxido. Coa fotografía os pintores descubren que na realidade non hai liñas e que se pode representar satisfactoriamente con manchas, algo que xa fixeran pintores como Velázquez, Goya ou Rubens. Ademais, outro factor que influirá nas súas pinturas son as **estampas xaponesas**. Tamén destacan os **avances químicos**, que aumentan as variedades e melloran as calidades das cores facéndoas máis puras e estables. Pero foi a posibilidade de poder envasar os pigmentos pictóricos en tubos de estano a que permitirá aos pintores facer pintura a *plein air*, poder comezar e rematar os cadros ao aire libre, pintar directamente a natureza. Os pintores da Escola de Barbizon son os primeiros que se reúnen a pintar directamente a natureza no bosque de Fontainebleu, e despois os impresionistas continuarán esta vía. E, por último, os estudos de **Chevreul** sobre as harmonías cromáticas segundo a que as cores –orixinadas a partir das tres primarias, amarela, vermella e azul- actúan entre sí cando se aproximan, en función dunhas regras fixas; e as **investigacións** dos físicos sobre o espectro cromático coinciden coas inxerencias dos pintores impresionistas.

Neste período tamén aparecen os **críticos**, que terán un papel fundamental en canto ao futuro artístico dun autor, as **galerías** (salóns independentes) e os **marchantes**, que serán os que encarguen as obras do artista, xeralmente pertencían á nova sociedade burguesa.

## COMENTARIO

Manet pertencía á alta burguesía e frecuentaba a sociedade elegante. De formación académica, tivo moita influencia dos pintores renacentistas e barrocos como Tiziano, Murillo e Velázquez, e especialmente de Goya, así como os venecianos ou os paisaxistas holandeses. Manet vencéllase ás orixes da pintura impresionista, pero é máis ca iso, é unha figura clave da Arte Contemporánea. Rompeu coa pintura anterior e abriu novas perspectivas cun conxunto de obras amplo e de calidade só reservado aos grandes xenios da pintura. É admirado polos impresionistas que o consideran o seu mestre, pero nunca formou parte do grupo nin deixou de loitar por que a súa arte fose recoñecida nas canles oficiais.

É o iniciador en solitario da ruptura coa tradición pictórica europea, levando a cabo unha innovadora reinterpretación da tradición clásica, realizada desde a admiración e o profundo estudo dos grandes mestres da pintura, fundindo de xeito maxistral o gusto polo novedoso e o respecto polo antigo. Presenta unha serie de novos modos de pintar na súa forma de abordar os temas, a luz, a composición, o espazo e a cor, polo que causou admiración entre os impresionistas, quen o consideraron o seu mestre. O que máis lle interesa é a figura humana e a composición. A súa pintura destaca pola trivialidade dos temas, as cores planas, os contrastes de negro e branco, e a liberdade de estilo. Manet tamén recibe influencias dos impresionistas, especialmente de Monet e a pintura ao aire libre e os estudos sobre a luz, sen abandonar a súa fidelidade polo tema da figura humana. Debemos sinalar que como a maioría dos pintores da súa época recibirá influencias dos gravados xaponeses que se coñecen daquela en París, estes representan unha arte nova en occidente: composicións descentradas, formas esquematizadas, cores planas e simples.

En 1863 o xurado do Salón Oficial rexeitará as tres obras que presenta a concurso. Tantas foron as obras rexeitadas que os seus autores conseguiron organizar unha exposición paralela, *O salón dos rexeitados*, onde Manet acadará notoriedade co seu **Almorzo campestre**. A maior parte da crítica e do público a rexeitaron totalmente e mesmo se burlaron dela. A novidade da pintura que provocou tal reacción violenta é a suma de diversos factores que afectan á cor, ao modelado, á perspectiva, e tamén ao tema; a

obra foi acusada de inmoral e inacabada. O escándalo repetírase no Salón de 1865 cando presenta a súa *Olimpia*, na tradición das Venus venecianas.

**Contido iconográfico.** O *Almorzo campestre* é unha síntese dun estudo de paisaxe, a representación de figuras e o bodegón. O *concerto campestre* exposto no Louvre representaba unhas divindades no campo, que Manet transforma en cidadáns parisiños nun bosque, rodeados de árbores, durante un xantar: dous homes vestidos á moda da época aparecen semirrecostados xunto a unha muller espida, coa que están conversando, e outra ao fondo, que se baña no lago. Nas fontes clásicas aparecían as figuras femininas espidas pero non supuxeran ningún escándalo. Esta escena supón unha mostra da modernidade, ao ser unha moza burguesa calquera a que pousaba espida ante dous homes.

A **composición** da obra está inspirada nun debuxo de Rafael, *O xuízo de Paris*, moi coñecido nos estudos de pintura, especialmente na colocación das tres figuras centrais do lenzo, e tamén no *Concerto Campestre*, de Tiziano ou Giorgione. A escena se desenvolve dentro dun bosque formado por grandes árbores, e nun segundo plano outra figura feminina, máis borrosa, está agachada cos pés da auga.

Con respecto ás **cores**, predominan os verdes, que se van combinando en diversas tonalidades e dan aparencia de transparencia á auga do río. Son os matices do verde máis ou menos escuros os que sinalan as diferenzas entre os espazos de sombra e luz. Destaca o contraste entre os escuros traxes masculinos e a mancha de cor clara da modelo, que elimina as tonalidades intermedias para marcar aínda máis ese contraste. A luminosidade do colorido esta potenciada polo reflexo da auga e a bruma do fondo.

A **luz** provén dun foco que incide directamente sobre o grupo, sen apenas crear sombras, prezándose nisto a influencia da estampa xaponesa. O debuxo e o claroscuro tradicional, son substituídos por manchas de cor planas. As figuras non teñen modelado, aínda que aparecen en escorzo. As figuras están traballadas como zonas planas de cor, sen claroscuros, e nas sombras desaparece o negro. É de resaltar o excelente debuxo do que sempre fará gala o artista, aprendido en longas sesións no Louvre copiando aos clásicos, que serviron sempre de referencia ao pintor.

Con respecto ao **impacto da obra**, esta foi duramente criticada polos seguidores do academicismo pictórico e admirada polos seguidores do Impresionismo, que viron nela unha mostra da ruptura e o seu antecesor estilístico. Así mesmo, a xustaposición dun espido feminino con cabaleiros perfectamente vestidos fixo que a obra fose criticada por vulgar, e mesmo pola súa modernidade de estilo, desde o punto de vista cromático e compositivo. Os novos artistas, que máis tarde conformarán o grupo impresionista, consideraron a obra como unha mostra de ruptura, animando a Manet a crear imaxes desas características e agrupándose arredor del. Polo tanto, este cadro é considerado o punto de ruptura coa arte académica e tradicional.